



Concello de Oza-Cesuras

AVISO IMPORTANTE

PROGRAMA I DE CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS E EN SITUACIÓN DE BENEFICIARIAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COS ORGANISMOS INTERMEDIOS SEN ÁNIMO DE LUCRO, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021 – 2027 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E MIGRACIÓN

Con data 19 de agosto de 2026 foron aprobadas as bases reguladoras do “Programa I de contratación de persoas mozas (con **idades** comprendidas **entre os 18 e os 29 anos** – ambas incluídas -) **inscritas** e en situación de beneficiarias **no ficheiro de Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX)**, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro”, ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Migración **para cubrir o posto a xornada completa de varredor.**

Unha vez efectuada, de conformidade co establecido na base terceira das que rexen o proceso selectivo, a preselección para a contratación a través do Servizo Público de Emprego de Betanzos, comunicouse a este concello que a oferta de emprego 12-2026-8125, correspondente ao posto de peón varredor beneficiario do SNGX, non ten candidatos.

Polo que por medio do presente comunícase ás persoas inscritas no SNGX con **idades** comprendidas **entre os 18 e os 29 anos** – ambas incluídas – interesadas no citado posto de traballo de varredor que acudan presencialmente antes do vindeiro 31 de agosto de 2026 – en caso de non obter cita previa mediante a obtención dun ticket na propia oficina - á oficina de emprego de Betanzos (sita na rúa Venezuela, n.º 39, baixo) para efectuar a inscrición na citada ocupación de varredor.

O que se comunica para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE,

Asdo. José Pablo González Cacheiro

